

CEIP DE REFOXOS

Ciencias da Natureza 2ºEP

Curso 2021-22

Nuria Abuín Carou

Contido

Base legal.....	3
Introdución e contextualización.....	3
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
Concreción dos obxectivos	4
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	7
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	8
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	9
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	10
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	10
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	11
Medidas de atención á diversidade.....	12
Concreción dos elementos transversais.....	12
Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	12
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	12

Base legal.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, que modificou a Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

Introdución e contextualización.

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 5 grupos: 4ºEI, 5ºEI e 6ºEI, 1ºEP e 2º EP, 3ºEP e 4º EP e 5º1 EP e 6º EP. En total este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

O grupo de 2ºEP está composto por 4 nenos e tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso, farase imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo e da metodoloxía didáctica de ser o caso.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade. Así mesmo, contribúe de xeito significativo á educación para a sustentabilidade, desenvolvendo habilidades e competencias que fomentan o uso responsable dos recursos naturais, a conservación da diversidade natural, o consumo racional, a protección da saúde individual e colectiva, a repartición equitativa da riqueza e a solidariedade global e interxeracional.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Aplicarlle as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe na área.

O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral coma a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado pola área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que, nos intercambios comunicativos se valore a claridade, exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc..., estarase desenvolvendo esta competencia.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

- **Competencia dixital**

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio. Ademais é unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.

- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Naturais, require os coñecementos que lles permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida que os alumnos desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos grupais, así como no uso de novas metodoloxías como o traballo por proxectos ou as aprendizaxes baseadas en problemas que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado de modo que se potencien estas habilidades.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e xestión de proxectos de traballo ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos

erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e manter a autoestima e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área o traballo por proxectos ou a aprendizaxe baseada en problemas farán que o alumno adquira todas estas destrezas.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serán:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais fronte a intereses persoais.

Aprender a aprender

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Concreción dos obxectivos .

- Facer predicións a partir da análise de información sobre feitos ou fenómenos e comunicar os seus resultados a través da xeración de supostos ou hipóteses.
- Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións apoiando o discurso en datos gráficos.
- Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais fomentando os principios e valores da interacción social.

- Utilizar o coñecemento das distintas partes do corpo e as súas características para desenvolver unha vida saudable.
- Coñecer a función respiratoria e a súa importancia para a vida.
- Desenvolver hábitos saudables e relacionalos co benestar persoal.
- Utilizar a observación como recurso na obtención e na análise de información.
- Afondar no coñecemento das plantas a través da clasificación das distintas especies.
- Manexar distintas fontes e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Clasificar materiais segundo as súas propiedades.
- Recoñecer e discernir as causas e os efectos dos cambios e as transformacións que se producen nos obxectos e materiais.
- Realizar experimentos baseándose no método científico nos procesos de investigación para abordar distintos aspectos da natureza e da vida cotiá.
- Valorar o medio a través do coñecemento do medio físico e os seus recursos.
- Afondar na utilización de obxectos e aparatos simples a través da súa montaxe e desmontaxe.
- Coñecer distintas profesións do ámbito e a súa achega ao medio.
- Desenvolver unha actitude de coidado e seguridade no manexo de materiais, ferramentas e substancias.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O punto de partida de cada sesión de clases será unha chuvia de ideas co obxectivo de enlazar co traballo feito na clase anterior ou de ter unha idea dos coñecementos previos do alumnado no caso de empezar cun novo tema de estudo.

Outras das actividades recorrentes serán aquelas que permitan ao alumnado organizar a información de forma sinxela e o máis visual posible para reforzar a atención e a memoria. Imos aprender a facer mapas mentais, esquemas chave, infografías sinxelas e táboas partindo de textos sinxelos.

A avaliación do traballo diario realizarase a través de rexistros de observación das actividades tanto orais como escritas. Os cadernos de traballo do alumnado serán utilizados tanto como visualizadores da

capacidade de organización persoal das crianzas como como soporte de recompilación das tarefas propostas.

Nas materias de ciencias, a adquisición progresiva do vocabulario específico é moi importante xa que é fundamental para a comprensión dos temas de estudo, polo que lle dedicaremos un tempo específico en cada tema. O primeiro paso será sempre confeccionar un glosario na aula virtual que despois utilizaremos como base para distintas actividades: encrucillados, sopas de letras, o aforcado....

Potenciarase, na medida do posible, a aprendizaxe colaborativa a través de traballos en parella ou en pequeno grupo. Contribuír a lograr un obxectivo común é unha das aprendizaxes máis importantes de cara a formar cidadáns e cidadás responsables e respectuosos/as o que é un dos obxectivos principais da etapa.

A utilización dos recursos audiovisuais e de internet en xeral será incluída nas aulas de forma habitual sempre que sexa posible. Procurarase que a formación nas TIC sexa activa e crítica, co obxectivo de ir creando usuarios/as o menos pasivos/as posible, que saiban como moverse de forma segura nos entornos virtuais.

Tentarase sempre que a avaliación sexa continua e formativa. Para que o proceso de ensino aprendizaxe teña éxito a detección das dificultades é fundamental. Unha das formas de facelo eficazmente é a través da análise dos erros que comete o alumnado e da súa corrección en positivo. O traballo no caderno e as probas escritas periódicas servirán de punto de partida para deseñar aquelas actividades de reforzo ou ampliación que resulten necesarias.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

- Cadernos do alumnado.
- Pizarra dixital.
- Libro de texto.
- Aula virtual.
- Fotocopiables con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Cartaces e murais.
- A biblioteca.
- O noso entorno social: familias da comunidade escolar, asociacións veciñais, comunidades de montes, concello...
- O noso entorno natural: patio exterior, área na natureza, o río Tamuxe, a serra da Groba...
- Materiais e recursos aportados polo alumnado.
- Materiais de laboratorio.
- Materiais para a realización de traballos artísticos.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	50%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	20%
Actitude e traballo na aula	10%

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
1ª Avaliación	30%
2ª Avaliación	30%
3ª Avaliación	40%

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Cantas crianzas forman o grupo?

Cal é a súa dinámica interna?

Que fortalezas hai que potenciar?

Que necesidades se detectan?

Que crianzas necesitan un maior seguimento? Por que?

Medidas de atención á diversidade.

Medidas para dar resposta ás necesidades individuais.

- Modificacións dos espazos e distribución da aula.
- Modificacións dos agrupamentos.
- Xestión especial do tempo.
- Deseño de materiais de traballo adaptados.
- Intervención do DO.
- Planificación de reforzos desenvolvidos por outro docente na aula

Instrumentos de seguimento e avaliación

- Rexistros de observación.
- Probas de específicas de avaliación.
- Xuntanzas de coordinación do equipo docente.

Concreción dos elementos transversais.

Promoción e afianzamento de:

- A resolución pacífica de conflitos.
- A prevención e rexeitamento da discriminación e da violencia nas súas distintas manifestacións:
 - Cara a muller.
 - Cara as persoas dunha etnia diferente.
 - Cara as persoas migrantes.
 - Cara as persoas LGTBI.
 - Cara as persoas con discapacidade.
- Unha vida saudable a través da práctica regular de deporte e dunha dieta equilibrada.
- Actividades relacionadas coa educación e a seguridade viaria para favorecer a convivencia nas vías e previr accidentes de tráfico.

Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades que se levarán a cabo ao longo do curso, tanto complementarias como extraescolares, son as reflectidas na Programación Xeral Anual (PXA) e todas aquelas que vaian surxindo relacionadas cos temas de estudo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación es distintas unidades de programación?

Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe?

Determináronse os estándares de aprendizaxe mínimos?

Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro?

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados?
	Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa?
	Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo?
Realizouse adaptación curricular significativa de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria?	

Realizouse aceleración parcial de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria?	
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación ao alumnado vinculados cos estándares de aprendizaxe?	
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado?	

Presentáronse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita?	
--	--

Consideráronse medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe?	
---	--

Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.?	
---	--

Vinculáronse as unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivadoras para o alumnado?	
--	--

Identificouse en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe?

Utilizáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados?

Identificáronse os estándares de avaliación mínimos nas diferentes unidades de programación?

As familias tiveron acceso á programación?

Realizouse unha análise técnica-normativa dos recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado?

Foi a coordinación do profesorado continua, practica e produtiva?

Tratáronse de forma preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación?

As actividades extraescolares e complementarias foron as adecuadas?

CEIP DE REFOXOS

Ciencias Sociais 2ºEP

Curso 2021-22

Nuria Abuín Carou

Contido

Base legal.....	3
Introdución e contextualización.....	3
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
Concreción dos obxectivos	4
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	8
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	14
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	15
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	15
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	16
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	17
Medidas de atención á diversidade.....	17
Concreción dos elementos transversais.....	18
Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	18
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	18

Base legal.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, que modificou a Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

Introdución e contextualización.

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 5 grupos: 4ºEI, 5ºEI e 6ºEI, 1ºEP e 2º EP, 3ºEP e 4º EP e 5º1 EP e 6º EP. En total este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

O grupo de 2ºEP está composto por 4 nenos e tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso, farase imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo e da metodoloxía didáctica de ser o caso.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Así mesmo ofrece o uso de ferramentas matemáticas, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuindo así ao desenvolvemento da competencia matemática para a resolución de tarefas e problemas da vida cotiá. Ao mesmo tempo, debe potenciar a interacción co mundo físico, xa que moitas das aprendizaxes integradoras están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que o rodea. Así se vai desenvolvendo a competencia que permite interpretar o mundo físico, o achegamento ao método científico e tecnolóxico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A área de Ciencias Sociais contribúe significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e, polo tanto, o desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.

- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Competencia dixital

Contribúe tamén de forma relevante, á Competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área, esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica, esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto de aprendizaxe, nesta área.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

A contribución da área á Competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Competencias sociais e cívicas

Respecto das competencias sociais e cívicas hai que considerar dous ámbitos. Por un lado as relacións próximas (a familia, os amigos/ás, os compañeiros/ás, etc.), que requiren favorecer a toma de conciencia persoal de emocións e sentimentos e o desenvolvemento de actitudes de comunicación, diálogo, de resolución de conflitos con asertividade. Un segundo ámbito é aquel que transcende as relacións próximas ao alumnado, abordar o barrio, o municipio, a comunidade, o estado, a Unión Europea, etc. Comprender a súa organización, as súas funcións e os mecanismos de participación da cidadanía, vai máis alá dos aspectos conceptuais e require da aprendizaxe de destrezas sociais e actitudes.

Esta área convértese así nun espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades con el respecto ao grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente coma nas propias do ámbito social en que se vive.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Inclúense contidos directamente relacionados co desenvolvemento da competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao ensinar a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de ocio.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

A aprendizaxe das Ciencias Sociais contribuirá ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender, mediante desenvolvemento de técnicas para tratar a información: a realización de resumos,

esquemas ou mapas conceptuais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra parte, a reflexión e a expresión oral e escrita sobre que se aprendeu, como e para que, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Concreción dos obxectivos .

- Iniciarse no uso da busca de información, rexistro e presentación sobre asuntos sinxelos do contorno próximo previamente delimitados.
- Utilizar diferentes fontes de información, directas e indirectas ou a través das TIC para abordar diferentes feitos ou fenómenos.
- Desenvolver habilidades e capacidades como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo, o traballo en equipo, a capacidade de comunicación, a creatividade e espírito emprendedor, o respecto aos demais, a cooperación e o diálogo na resolución de conflitos no ámbito de aprendizaxe da aula.
- Practicar distintas formas de agrupamento, traballo e reflexión sobre a aprendizaxe no desenvolvemento dos contidos da área.
- Crear estratexias de resolución de conflitos para interactuar dunha forma eficaz e construtiva na sociedade.
- Recoñecer a importancia da auga para os seres vivos a través do coñecemento das súas características, propiedades e procesos.
- Coñecer o medio natural e a influencia do home nel.
- Identificar e clasificar rochas e minerais atendendo a diferentes criterios.
- Manexar as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse no seu contorno máis próximo.
- Comprender a organización social do seu contorno próximo.
- Coñecer as manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade.
- Comprender distintas normas de relación e organización viaria.

- Recoñecer as distintas profesións do seu contorno máis próximo.
- Analizar as características dos medios de comunicación e identificar o seu papel na vida das persoas.
- Recoñecer os cambios producidos nas persoas, na sociedade e na natureza co paso do tempo.
- Manexar distintos procedementos de organización do tempo e recoñecer relacións de sucesión e simultaneidade.
- Situar as distintas etapas da historia dos seres humanos, así como os obxectos que se utilizaban nelas.
- Valorar a cultura, a historia e o patrimonio cultural e histórico como unha forma de coñecemento e ocio persoal.
- Mostrar interese polo estudo de feitos e personaxes do pasado.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	T	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
			1	2	3	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Contidos comúns							
CS-B1.1	2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. Peso: 3.03%	A través de diferentes textos traballados, coa axuda das TIC e outras fontes, chega a conclusións guiadas e comunícaas oralmente no contexto da aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica (10%).	CAA CCL CD CMCT
CS-B1.1	2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na	Mantén a orde e a limpeza nos seus traballos realizados na aula e asume roles básicos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS:	CSIEE CAA CSC

	toma de decisións e asume responsabilidades Peso: 3.03%					Rúbrica (10%).	
CS-B1.2	2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. Peso: 3.03%	Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable valorando o esforzo e o coidado do material.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica (10%).	CSC CAA
CS-B1.3	2º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. Peso: 3.03%	Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo de forma guiada.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase (25%).	CAA
CS-B1.4	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área. Peso: 3.03%	Identifica a terminoloxía propia da área adecuada á súa idade e traballada na aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%), Posta en común (5%).	CCL CMCT CSC
Bloque 2: O mundo que nos rodea							
CS-B2.1	2º-CS2.1.1 - Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. Peso: 3.03%	Identifica mediante imaxes, fotos... os usos que o ser humano fai da auga.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CMCT CD CCL
CS-B2.1	2º-CS2.1.2 - Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. Peso: 3.03%	Coñece o uso responsable da auga en contextos de hixiene persoal :pechar a billa mentras lava os dentes, ir ó váter ou se enxauga na ducha.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico) (5%).	CSC
CS-B2.2	2º-CS2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas	Identifica os lugares onde hai auga na contorna: praias da			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CMCT CD CAA

	sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. Peso: 3.03%	parroquia na ría de Arousa(auga salgada) e río Umia (auga doce).				INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).		
CS-B2.3	2º-CS2.3.1 - Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. Peso: 3.03%	Identifica os elementos básicos mediante imaxes que conforman o ecosistema da súa contorna: praia, mar, río, animais domésticos, plantas (actividade vinícola)...			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CMCT CSC CCL	
CS-B2.4	2º-CS2.4.1 - Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. Peso: 3.03%	Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%), Posta en común (5%).	CMCT CCL	
CS-B2.5	2º-CS2.5.1 - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. Peso: 3.03%	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%).	CMCT	
CS-B2.5	2º-CS2.5.2 - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. Peso: 3.03%	Diferencia as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as, Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%), Textos escritos (35%).	CMCT CCL	
CS-B2.5	2º-CS2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. Peso: 3.03%	Coñece os diferentes colectores de recollida do lixo.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT CSC

CS-B2.6	2º-CS2.6.1 - Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. Peso: 3.03%	Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local.		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%), Posta en común (5%).	CMCT CCL	
CS-B2.7	2º-CS2.7.1 - Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. Peso: 3.03%	Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna: granito, area.		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%). Posta en común (5%).	CMCT CCL	
CS-B2.8	2º-CS2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. Peso: 3.03%	É capaz de sinalar unha ruta dende a súa casa ata a escola.		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase (25%).	CMCT CAA CSIEE	
Bloque 3: Vivir en sociedade							
CS-B3.1	2º-CS3.1.1 - Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. Peso: 3.03%	Diferencia entre localidade (Castrelo) e municipio (Cambados).		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%). Posta en común (5%).	CSC CCL	
CS-B3.2	2º-CS3.2.1 - Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. Peso: 3.03%	Coñece algúns dos servizos ofertados polo concello: recollida de lixo, servizo de auga e mantemento de rúas, parques...		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCL	
CS-B3.3	2º-CS3.3.1 - Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao	Coñece as normas de comportamento nas situacións traballadas na	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CSC CCL

	desenvolvemento dunha convivencia pacífica Peso: 3.03%	aula: respecto, convivencia escolar...				INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	
CS-B3.4	2º-CS3.4.1 - Amona unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. Peso: 3.03%	Respecta as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CSC
CS-B3.5	2º-CS3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,...propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. Peso: 3.03%	Explica algunhas manifestacións tradicionais da contorna: vendima, magosto, nadal, entroido, pascua e letras galegas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCL CCEC
CS-B3.6	2º-CS3.6.1 - Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. Peso: 3.03%	Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación: teléfono, e-mail.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCL
CS-B3.7	2º-CS3.7.1 - Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. Peso: 3.03%	Cofrece as principais profesións de servizo público: policía, médico, enfermeiro, mestre, bombeiro, condutor de medios de transporte (taxi, autobús, tren).			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as, Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%). Posta en común (5%).	CSC CCL
CS-B3.7	2º-CS3.7.2 - Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.	Relaciona mediante imaxes profesións e o lugar onde se desenvolven.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CSC CAA

	Peso: 3.03%						
CSB3.8	2º-CS3.8.1 - Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. Peso: 3.03%	Coñece as normas para viaxar nun coche (colocación do cinto de seguridade, no sacala cabeza pola fiestra) e para camiñar pola rúa (cores dos semáforos, pasos de peóns).			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCL CAA
CSB3.8	2º-CS3.8.2 - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. Peso: 3.03%	Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública: emprego das papeleiras, recollida de excrementos das mascotas.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC
Bloque 4: As pegadas do tempo							
CS-B4.1	2º-CS4.1.1 - Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. Peso: 3.03%	Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CCL CMCT
CS-B4.2	2º-CS4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. Peso: 3.03%	Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo: hora en punto, e media, cuarto e menos cuarto.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CAA
CS-B4.3	2º-CS4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. Peso: 3.03%	Ordena cronoloxicamente secuencias en imaxes que indican paso do tempo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CMCT CSC
CS-B4.3	2º-CS4.3.2 - Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	Relata feitos da súa vida de forma cronolóxica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.	CCL CSC CMCT

	Peso: 3.03%					INSTRUMENTOS: Textos escritos (35%). Posta en común (5%).	
CS-B4.4	2º-CS4.4.1 - Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. Peso: 3.03%	Relaciona imaxes de restos históricos con outros modos de vida na antigüidade.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCEC
CS-B4.5	2º-CS4.5.1 - Explica que é un museo e cales son as súas funcións. Peso: 3.03%	Coñece o que é un museo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CCL CSC
CS-B4.5	2º-CS4.5.2 - Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. Peso: 3.03%	Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio: visitas, aulas interactivas, recreacións na web...			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común (5%).	CSC CCEC

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O punto de partida de cada sesión de clases será unha chuvia de ideas co obxectivo de enlazar co traballo feito na clase anterior ou de ter unha idea dos coñecementos previos do alumnado no caso de empezar cun novo tema de estudo.

Outras das actividades recorrentes serán aquelas que permitan ao alumnado organizar a información de forma sinxela e o máis visual posible para reforzar a atención e a memoria. Imos a aprender a facer mapas mentais, esquemas chave, infografías sinxelas e táboas partindo de textos sinxelos.

A avaliación do traballo diario realizarase a través de rexistros de observación das actividades tanto orais como escritas. Os cadernos de traballo do alumnado serán utilizados tanto como visualizadores da capacidade de organización persoal das crianzas como como soporte de recompilación das tarefas propostas.

Nas materias de ciencias, a adquisición progresiva do vocabulario específico é moi importante xa que é fundamental para a comprensión dos temas de estudo, polo que lle dedicaremos un tempo específico en cada tema. O primeiro paso será sempre confeccionar un glosario na aula virtual que despois utilizaremos como base para distintas actividades: encrucillados, sopas de letras, o aforcado....

